



| RESUMO DE SEGUIMENTO DA PARCELA <sup>1</sup>     |              |  | OBSERVACIÓNS |
|--------------------------------------------------|--------------|--|--------------|
| MATERIAL VEXETAL E PLANTACIÓN OU SEMENTEIRA      | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| MANEXO DO SOLO, LABRA E PRÁCTICAS CULTURAIS      | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| FERTILIZACIÓN                                    | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| REGA                                             | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| ESTADO FITOSANITARIO E RECOMENDACIÓNS DO TÉCNICO | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| TRATAMENTOS FITOSANITARIOS                       | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| COLLEITA E RASTREXABILIDADE                      | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| ANÁLISES DO SOLO <sup>2</sup>                    | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| ANÁLISES DE AUGA <sup>2</sup>                    | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| OUTRAS ANÁLISES <sup>2</sup>                     | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| CONTROL DA MAQUINARIA EXISTENTE NA EXPLOTACIÓN   | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |
| XESTIÓN DE RESIDUOS                              | CONFORME     |  |              |
|                                                  | NON CONFORME |  |              |

O operador declara que os datos que figuran neste caderno de explotación son certos

..... de .....200

Sinatura, \_\_\_\_\_  
Técnico da agrupación

Sinatura, \_\_\_\_\_  
O operador

(1) Datos que debe cubrir o técnico responsable da explotación

(2) Achegar resultados de laboratorio.

*Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se aproba o Regulamento técnico específico de produción integrada de kiwi.*

No Decreto 68/2004, do 11 de marzo, defínese a produción integrada como un sistema de produción agraria, que utiliza ao máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais mediante a introdución de tecnoloxías respectuosas co medio, asegurando unha produción de alta calidade e salubridade contrastada, a rendibilidade da explotación e a eliminación ou redución de insumos exteriores e de fontes contaminantes.

Estes requisitos recóllense para cada cultivo ou produto ou grupo de cultivos ou produtos no correspondente regulamento técnico, que recollerá as normas técnicas a seguir desde a fase de obtención da materia prima ata, se é o caso, a elaboración, manipulación, envasado, etiquetaxe, almacenaxe e posta á disposición do consumidor.

A produción integrada reflite a aplicación destas normas ao garantir no seu sistema produtivo a rastrexabilidade das producións agrarias e consecuentemente, ao aplicar os principios de control ao longo de toda a cadea de produción de alimentos. Deste xeito, en calquera punto das devanditas fases produtivas poderase verificar o cumprimento da aplicación das prácticas respectuosas co medio, así como a seguridade e a calidade do produto.

A aprobación do regulamento técnico implica a apertura no Rexistro Oficial de Produción Integrada, da sección correspondente para o cultivo ou produto recollido nesta orde, co fin de que os operadores

soliciten a súa inscrición, segundo as indicacións recollidas na Orde do 30 de maio de 2005 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios.

Así mesmo o cumprimento das normas contidas neste regulamento técnico permitirá, tras as verificacións oportunas, a concesión ao operador do emprego da identificación de garantía de produción integrada da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, en virtude do exposto de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Obxecto.

Aprobar o Regulamento técnico específico de produción integrada de kiwi que se incorpora no anexo I desta orde, no que figuran as prácticas obrigatorias, recomendadas e prohibidas para o dito sistema produtivo. Así mesmo como anexo II, figura o modelo de caderno de explotación que deberá ser empregado como xustificación do seguimento das normas técnicas de produción integrada, servindo ademais de instrumento fundamental para o control e certificación do proceso.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.